



Comunicado nº 006/18
16 de xaneiro de 2018

❑ PRIMEIRA SANCIÓN POR NON CONTRATAR O SEGURO DEPORTIVO OBRIGATORIO.

O “Comité Galego de Xustiza Deportiva”, da Xunta de Galicia, multa ao Senderismo Galego Club por non subscribila cobertura para os non federados nunha actividade organizada en Escocia.

O “Comité Galego de Xustiza Deportiva”, presidido por Don Miguel Juane, condenou ao Senderismo Club de Pontevedra a unha multa de 1.602 euros por ter organizada unha actividade de senderismo, na Escocia, sin ter subscrito un seguro para os seus participantes non federados. Desde a entrada en vigor da modificación do Artigo 22, referido a eventos deportivos, da Lei 3/2012, de 2 de Abril, do Deporte de Galicia. Iste artigo foi modificado polo 23.1 da Lei 13/2015, de 24 de decembro. Nil recóllese: “o título de inscrición e participación en eventos debe indicar o réxime de dereitos e deberes e as condicións que se deben cumprir para a participación. O organizador terá que contemplar necesariamente a asistencia sanitaria dos participantes no evento, para o suposto de accidente deportivo, mediante a subscrición dun seguro acorde aos límites e coberturas que obriga a Lei.

O “Comité Galego de Xustiza Deportiva” considera ao Senderismo Galego Club e ó seu Presidente como responsables directos das infraccións recollidas nos apartados a) e g) da Lei 3/2012 do Deporte de Galicia. O mencionado artigo recolle como infraccións moi graves “a realización de actividades e a prestación de servizos relacionados co deporte en condicións que poidan afectar gravemente a saúde e seguridade das persoas e non subscribir o seguro de responsabilidade civil, ou o seguro de accidentes deportivos, coas coberturas mínimas esixidas por Lei, en tódolos supostos previstos para a celebración de eventos deportivos”.

O “Comité Galego de Xustiza Deportiva” insiste en que o Senderismo Club e o seu presidente arriscábanse a unha multa de ata 60.000 euros e a inhabilitación para organizar actividades deportivas de ata un período dun a cinco anos.

**Asesoría Xurídica
da Federación Galega de Automobilismo**